

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

ACTA N.º 4, RESOLUCIÓN RECLAMACIÓN E ELABORACIÓN SEGUNDO EJERCICIO DA OPOSICIÓN, PROCESO SELECCIÓN ADMINISTRATIVO/A ÁREA DE FORMACIÓN, EMPREGO E DESENVOLVEMENTO.

Sendo as 18,30 horas do día 30 de maio de 2019, reúnen os integrantes do tribunal cualificador do proceso selectivo para a selección de persoal funcionario/a interino/a para a cobertura da praza vacante na plantilla de persoal municipal do concello de Ponte deume coa seguinte denominación, Administrativo, adscrito á área de formación, emprego e desenvolvemento local, funcionario da escala administrativa xeral, grupo C, Subgrupo C1, nivel 18 identificado co código 07.00.00.03.02, ata a cobertura definitiva ou ata o momento en que desaparezan as circunstancias urxentes e inaprazables no servizo público que xustifican a convocatoria da presente praza de xeito interino. constituído do seguinte xeito:

Presidenta: Dona Lucía Varela Martínez, Interventora do Concello de Ponte deume
Secretaria: Dona Marta Cajide Barbeito, Secretaria do Concello de Ponte deume.
1º Vogal: Dona Eva María Guerrero Rico, Administrativa do Concello de Ponte deume.
2º Vogal: Dona María Isabel Paz Calvo, Administrativa do Concello de Ponte deume.
3º Vogal: Don Nicolás Placer Sande, Administrativo do Concello de Ponte deume.

O tribunal acorda resolver a reclamación que presenta dona María Sandra Pouso Fustes, NRE 201900000001892, do 21 de maio de 2019, referida a un erro na valoración de méritos por servizos prestados na administración local.

Visto que a dona María Sandra Pouso Fustes, se lle recoñecen 0,15 puntos, por 181 días de prestación de servizos na mesma categoría na administración local.

Comprobouse tamén que prestou servizos por un período de 716 días, tamén na administración local, os cales non foron valorados no seu momento como mérito, segundo indicado no punto 7º das bases da convocatoria.

Polo exposto unha vez corrixido o erro, a puntuación final de dona María Sandra Pouso Fustes, por servizo prestados na mesma categoría na administración local, segundo o punto 7º das bases da convocatoria, en lugar dos 0,15 puntos indicados na acta de valoración inicial, sería o de 0,725 puntos.

Rematada a resolución da reclamación, sendo as 18,45 horas, os membros do tribunal acordan iniciar a elaboración do segundo exame do proceso de selección. (*Elaboración de 10 preguntas curtas*).

Rematada á fase de elaboración as 20,00 horas, o tribunal acorda:

PRIMEIRO.- Publicar a presente acta no taboleiro de anuncios do concello así como na páxina web municipal www.pontedeume.es.

Documento asinado dixitalmente polos membros do tribunal cualificador.

